

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO FEMININO

O mércores día 14 de xullo de 2021 saíu publicada no DOG a resolución da Consellería de Emprego e Igualdade sobre as axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia.

BENEFICIARIOS E CONTÍA

- **Liña Emprende:** liña de axuda destinada a promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable. Poderán acollerse empresas de nova creación formadas por mulleres e cuxo inicio da actividade económica se produza entre o 1 de agosto de 2020 e a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. **A contía da axuda varía entre os 10.000 e os 22.000 euros.**
- **Liña Activa:** liña para favorecer a reactivación e consolidación de empresas constituídas por mulleres a través de medidas de renovación, implantación, ampliación ou cambio de localización da actividade dirixidas a paliar unha situación económica adversa. O inicio da actividade económica e a actividade laboral da promotora ou promotoras ten que terse producido con antelación ao 1 de agosto de 2020. **A contía da axuda varía entre os 8.000 e os 17.000 euros.**
- **Liña ITEF:** liña destinada a impulsar a implantación de iniciativas empresariais con carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica promovidas por mulleres e que supoñan creación de emprego feminino. Poderán acollerse empresas de nova creación constituídas por mulleres e cuxo inicio da actividade se produza no período comprendido entre o 1 de agosto de 2020 e a data de fin de prazo de presentación de solicitudes. **A contía da axuda varía entre os 18.000 euros e os 42.000 euros.**
- **Liña Concilia:** axuda complementaria ás liñas Emprende, Activa e ITEF para conciliar a vida persoal, familiar e laboral. Poderán acollerse tanto as mulleres promotoras como as traballadoras incorporadas á empresa. **A contía da axuda varía entre os 3.000 e os 5.000 euros.**

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será de **1 MES** contado a partir do día seguinte á data de publicación da resolución no DOG.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 19 de xullo de 2021.

O Alcalde,



Asdo.: Antonio de Dios Alvarez.